

**GUÍA DOCENTE DE INSTRUMENTO I-VIII (VENTO METAL)****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO DECRETO 163/2015, DO 29 DE

OUTUBRO

<b>1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>											
<b>DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII (VENTO METAL)</b>											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Trompeta, Trompa, Trombón, Tuba		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		DEPARTAMENTO		Vento metal			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1.5h.	
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:		

<b>2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS</b>	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E14, E15, E16, E110
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

<b>3. OBXECTIVOS</b>	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Dominar tecnicamente o instrumento na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	T1, T3, T6, T13, T15
Interpretar o repertorio programado para o curso de maneira apropiada e coherente.	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 E1, E2, E3, E4, E5, E6, E10

<b>4. CONTIDOS</b>	
1. Exercicios para o dominio técnico e musical do instrumento.	
2. Estudos de obras de carácter solista	



**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
• Actividades introductorias	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
• Exposición maxistral	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
• Exposición práctico-teórica	Presencial	Esporádica
• Práctica individual	Non Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
• Investigación por parte do alumno acerca do repertorio.	Non Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
• Tutorías	Presencial	Esporádica

**6. AVALIACIÓN**

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*